

ACTA DE ACORDOS ASAMBLEA EXTRAORDINARIA

09/01/2021

Dita reunión debido á situación de emerxencia ocasionada polo COVID-19, celébrase por vía telemática reunindo aos membros da Asamblea presentes e recollidos na Acta Oficial ao marxe sendo as 16:00 horas do día 09/01/2021.

ORDE DO DÍA

1º.: Lectura e aprobación da acta anterior.

Procédese a lectura da acta da reunión anterior. A acta é aprobada por unanimidade.

2º.: Orzamentos 2021

Procédese a lectura do orzamento facendo unha comparativa co orzamento do 2020 co fin de explicar que neste ano está previsto ter menos ingresos e consecuentemente menos gastos dado que os importes de formación e licenzas son orientativos (en función do número de cursos que se convoquen e número de inscritos que se produzan), así como o ingresos e pagos de inscrición a campioantos nacionais de internacionais.

INGRESOS	2020	2021
1.- FORMACIÓN	44.000,00 €	22.500,00 €
2.- SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE	74.669,00 €	74.669,00 €
3.-LICENCIAS	220.384,00 €	155.000,00 €
4.-INGRESOS INSCRICIÓNS CAMPIONATOS ESPAÑA E INTERNACIONAIS	53.500,00 €	53.500,00 €
5.-INGRESOS VARIOS	10.344,58 €	10.344,58 €
6.- OUTRAS SUBVENCÍONS	8.650,00 €	8.650,00 €
7.-REMANENTE FEDERATIVO	14.831,00 €	27.320,16 €
TOTAL INGRESOS	426.378,58 €	351.983,74 €

GASTOS	2020	2021
1.-GASTOS DE FUNCIONAMIENTO		
1.1.-GASTOS CORRENTES		
1.1.1.- PERSOAL	35.000,00 €	35.000,00 €
1.1.2.-PRIMAS SEGUROS	816,68 €	816,68 €
1.1.3.-GASTOS BANCARIOS	700,00 €	1.150,00 €
1.1.4.- SERVICIOS PROF. EXTERNOS	3.200,00 €	3.200,00 €
1.1.5.-CORREO E TELEFONO	5.200,00 €	4.500,00 €
1.1.6.-MATERIAL DE OFICINA	2.650,00 €	2.650,00 €
1.1.7.- DIETAS E QUILOMETRAXE	5.000,00 €	5.000,00 €
1.1.8.- VARIOS E IMPREVISTOS	1.500,00 €	1.500,00 €
1.1.9.-ADQUISICIÓN MATERIAL	4.500,00 €	6.500,00 €
TOTAL GASTOS CORRENTES	58.566,68 €	60.316,68 €
2.- LICENZAS		
2.1.-PAGO HOMOLOGACIÓN LICENZAS Á RFEG	55.000,00 €	45.500,00 €
2.2.-GASTOS SEGUROS LICENZAS	65.250,00 €	58.000,00 €
TOTAL GASTOS LICENZAS	120.250,00 €	103.500,00 €
3.- ACTIVIDADES		
3.1.- COMPETICIÓN		
3.1.1.-AUTONÓMICAS:ESCOLAR E PROMOCIÓN	25.250,00 €	25.250,00 €
3.1.2.-AUTONÓMICOS: BASE E ABSOLUTOS	74.414,84 €	58.520,00 €
3.1.3.- CAMPIONATOS DE ESPAÑA: XUÍCES	7.500,00 €	5.500,00 €
3.2.-PAGO INSCRIPCIÓN CTOS ESPAÑA	53.500,00 €	48.500,00 €
TOTAL ACTIVIDADES	107.164,84 €	89.270,00 €
4.- TECNIFICACIÓN		
4.1.-XIMNASIA RÍTIMICA	4.250,00 €	4.250,00 €
4.2.-XIMNASIA TRAMPOLÍN	4.000,00 €	4.000,00 €
4.3.-XIMNASIA ACROBÁTICA	4.000,00 €	4.000,00 €
4.4.-XIMNASIA ARTÍSTICA FEMININA	2.500,00 €	2.500,00 €
4.5.-XIMNASIA ARTÍSTICA MASCULINA	1.250,00 €	1.250,00 €
4.6.-TECNIFICACIÓN CGTD	6.250,00 €	6.250,00 €
TOTAL TECNIFICACIÓN	22.250,00 €	22.250,00 €
5.-FORMACIÓN	40.000,00 €	20.000,00 €
6.-AMORTIZACIÓN INMOBILIZADO	4.647,06 €	4.647,06 €
7.-ADQUISICIÓN DE MATERIAL DEPORTIVO	20.000,00 €	3.500,00 €
TOTAL GASTOS	426.378,58 €	351.983,74 €

Os membros da Asamblea presentes aproban este punto do orde do día. (Anexo I)

3º.: Normativa de Licenzas 2021

Infórmase aos presentes que por acordo de Xunta Directiva manteremos o seguro deportivo no ano 2021 coa correduría na que levamos xa varios anos A&L, cambiando a compañía de seguro de Accidentes con Helvetia por ter máis cobertura de centros e non incrementar o seguro deportivo nesta nova tempada.

Dada a situación de excepcionalidade pola COVID-19 e que varios campionatos nacionais da tempada 2020 están pendentes de realizarse neste mes de Xaneiro tódalas licenzas están prorrogadas ata o 21 de Xaneiro.

Asimismo informamos que o programa de licenzas aínda non está operativo porque o informático da RFEG está pendente de programar uns módulos que permitan subir o Anexo I e o de menores de forma on Line para evitar o máximo posible o uso de papel por mor da COVID-19.

En canto este disponible será comunicado aos clubs para empezar a tramitación das novas licenzas.

Farase reunión de clubs para explicar os cambios da plataforma de licenzas así como as novidades en cuanto a xestión do mesmo.

Toda a información das licenzas está no documentos adxunto (Anexo II)

Os membros da Asamblea presentes aproban este punto do orde do día.

4º.: Calendario de Actividades 2021

Adxuntamos o calendario provisional do 2021 neste ano máis provisional que nunca dada a situación pandémica que nos obriga a facer cambios e adaptarnos según evolución da COVID-19.

A partir da semana do 18 de Xaneiro faremos reunións de clubs por especialidade co fin de establecer como desenrolar estas competicións entendendo que no primeiro cuatrimestre do ano deberemos adaptarnos e pensar en competicións on Line e segundo melloría da pandemia ir fomentando a participación presencial nas mesmas.

Toda a información do calendario de Actividades está recollido no documento adxunto (Anexo III).

Os membros da Asamblea presentes aproban este punto do orde do día.

5º.: Inclusión da Modalidade de Parkour

Informamos que a Secretaría Xeral para o Deporte denegou a inclusión da modalidade nos nosos estatutos por un defecto de forma na solicitude da mesma.

Como federación autonómica entendimos que ao estar recoñecida a nivel internacional na FIG e tamén a nivel nacional pola RFEG era a nosa obriga acollela como unha modalidade máis, sen embargo temos pendente a elaboración dun proxecto detallado para a Secretaría onde se recolla toda a información da nova disciplina.

Os membros da Asamblea quedan informados deste punto da orde do día.

6º.: Suxerencias e Preguntas

Os membros da asamblea solicitan que o certificado de mobilidade de Deporte Federado sexa máis xenérico sin facer mención a ordes e decretos co fin de non ter que actualizalos cada vez que se fagan peches perimetrais.

Sabendo que non está na orde do día pero que sí consideramos importante explícanse os cambios e actualizacións do Protocolo FISICOVID-DXT Galego que foron enviados a tódolos clubs o pasado 07 de xaneiro recollidos no documento Anexo IV.



Federación Galega de Ximnasia

R/Carlos Maside S/N 32002 OURENSE

Tfno. 988 238 999- www.ximnasia.com - info@ximnasia.com



O Presidente da FGX informa aos presentes que como acordo da Xunta Directiva desta federación dotarase un bolseiro de 17.000,00 € como axuda aos clubs para compra de material COVID e gastos derivados do mesmo. Establecerase un baremo tendo en conta licenzas e participación en Campionatos Autonómicos e Nacionais. Dado que a tempada 2020 foi irregular estudarase tamén incorporar a participación no ano 2019. Aínda non están establecidas as bases de dito baremo pero trataremos de que sexa o máis xusto e obxectivo posible.

E sen máis puntos que tratar, érguese a sesión sendo a 17:40 h do día arriba indicado do que dou fé como Secretaria Xeral desta Federación.

Ourense, 09/01/2021